



Praza Agustin Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.: 677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



OPEN ESCALO-BOGA BEIRA ENCORO DE BELESAR 22-SETEMBRO-2019

Este Open está convocado pola Federación Galega de Pesca e Cásting, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación en Ourense, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade.


A Competición rexerese polo Regulamento de Competicións de Pesca Deportiva e Cásting da FEPEc.

Esta competición terá lugar si se inscriben polo menos doce deportistas.

Lugar e Data:



Desenvolverase no encoro de belesar (Taboada), o 22-9-2019.

A seguinte é unha indicación dende Taboada o lugar de concentración.





Praza Agustin Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.: 677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



Lugar de concentración:

A concentración dos participantes terá lugar na zona do embalse onde será o comezo da competición que esta situada debaixo de Friamonde ás 8,00 horas do día 22-9-2019.

BASES

XURADO

A composición nominal do Xurado darase a coñecer na reunión de deportistas.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.: 677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



MODALIDADE DE PESCA

-A modalidade será spinning ou casting. So se poderá empregar cebos artificiais(peixes artificiais, vinilos, spinnerbait, etc..). Prohibido cebos naturais, vivos ou mortos.

MANGAS

O número de mangas será de **dúas**, con unha duración de **4 horas** cada unha.

PROHIBICIÓN DA PESCA

Durante a semana anterior ó inicio da competición, está terminantemente prohibida a pesca no escenario marcados con antelación.

DEPORTISTAS.

-E obrigatorio facer a inscrición no correo do delegado de Ourense ourensedelegacion@fgpesca.org.


- A Organización fixa unha cota de inscrición de **20 euros** por participante, que deberá ser ingresada na conta da F.G.P. nº **ES34 2080 0176 9630 4001 0672**, antes do día **19 de setembro 2019**.

- Todos os participantes deberán ter a licenza federativa e a licenza de pesca fluvial da Comunidade Autónoma de Galicia en vigor para o ano 2019.

ESCENARIO

Estará formado por un so escenario :

A zona debaixo de Friamonde cun tramo aproximado de 3.100 mts.



NORMAS DE DESENVOLVEMENTO



Praza Agustín Díaz, 1 local 5
Complejo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.: 677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



-O exercicio da pesca deberá facerse sempre dende a beira, non permitíndose a introdución na auga baixo ningún pretexto.

-Tanto nos desprazamentos como na acción de pesca os deportistas non poderán tomar contacto nin intercambiar impresións con outros deportistas ou persoas alleas á competición, non estando permitido a cesión de cebos ou materiais para o exercicio da pesca.

-Cada participante deberá gardar unha distancia mínima con outros participantes de un radio de 25 mts.

-O desprazamento dos deportistas farase a pé.

-Alterar ou entorpecer o normal desenvolvemento da competición é motivo de expulsión.

-Tódolos participantes deberan estar a hora da saída e antes da hora da finalización da manga.

PEZAS VÁLIDAS

- Considéranse válidas as capturas vivas pertencentes á especie: “Escalo” ou “Boga” que alcancen a medida mínima establecida de 30 centímetros. A medida mínima queda fixada coa boca cerrada dende a prominencia do labio inferior ata o extremo que estea mais lonxe da aleta caudal.

-Antes do momento da pesaxe deberase asegurar a medida xa que unha peza mal medida restara puntos. Toda peza que se presente morta ou en mal estado entrara na cota e suporá a correspondente penalización.

- As capturas deberán presentarse á pesaxe vivas e en bo estado. Para elo deberán conservarse en recipientes adecuados ou por calquera outro método, ata o momento da pesaxe. Non se permite o traslado das pezas ó control en seco mais de 5 metros .

-A cota máxima sera de 5 pezas, sumándose o total do peso das 5 maiores. Non se poderá nunca presentar dunha soa vez mais pezas ca cota.

Art. 25.5 do Regulamento de competicións. Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á descualificación do deportista.

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

Os catro primeiros clasificados, representarán á Selección Galega no Campionato de España da especialidade o vindeiro ano 2019. Os gastos de inscrición no Campionato de España serán por conta da F.G.P. os demais gastos serán por conta dos participantes.



Praza Agustin Díaz, 1 local 5
Complexo Deportivo Elviña
15008 A Coruña
tfns.: 677535526 / 677535699
<http://www.fgpesca.org>
federacion@fgpesca.org
V15141328



PROGRAMA

08:00 horas	Concentración dos participantes. Sorteo de dorsais e entrega de documentación.
09:30 “	Inicio da primeira manga.
13:30 “	Fin da primeira manga.
14:00 “	Avituallamento.
15:30 “	Inicio da segunda manga.
19:30 “	Fin da segunda manga.
20:30 “	Entrega de premios e clausura da competición.

Oscar Ramos Vazquez
Presidente do Comité de Black-Bass da FGP